



Centristas de Carballo

Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

MOCIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DIRECTA SOBRE OS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE CÉSPEDE ARTIFICIAL (CAMPO DAS EIROAS E DO CARRAL) AOS CLUBES PRINCIPAIS (BERGANTIÑOS FC E SD SOFÁN, RESPECTIVAMENTE) PARA DAR AMPARO LEGAL A ESTAS ENTIDADES PRIVADAS QUE USAN AS CITADAS INSTALACIÓNS E A SÚA VEZ DAR UN MELLOR SERVIZO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do 28 de abril de 2014 acordouse a aprobación inicial do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do concello de Carballo e posteriormente no BOP nº 123 do 1 de xullo de 2014 publicouse a aprobación definitiva de dito Regulamento.

O grupo Terra Galega leva denunciando dende o 2015 a situación de desamparo legal á que están sometidos os clubs por parte do Concello de Carballo en canto a certas actuacións que levan a cabo as entidades deportivas nas instalacións e que non están reguladas en dito regulamento ou outras que directamente o incumpren, referímonos entre outras, as seguintes:

- Publicidade (pancartas...).
- Venda de entradas nas competicións deportivas incluso en categorías inferiores.
- Local destinado a cafetería.
- Organización de actividades (campus, clinics, clases de tecnificación, torneos...)
- Alugueros.

Ademais en relación con esta problemática Terra Galega preguntou no último pleno o seguinte:

“O xoves, 29 de agosto a prensa local facíase eco dunha reunión mantida entre as entidades SD Sofán e o Bergantiños FC onde acordaron ofrecer unha serie de vantaxes para que os socios dunha entidade poidan acudir a presenciar os partidos do outro equipo por un módico prezo e viceversa... Terra Galega ven denunciando esta e outras irregularidades que o Sr Alcalde permite que é que os clubs cobren as entradas ó prezo que queiran nun ben de dominio público sen ordenanza que o regule e sen contrato ... **sabe o Sr Alcalde os cartos que recaudan os distintos clubs na venda de entradas, na publicidade das pancartas e na explotación das cantinas?**”

A resposta do Concelleiro de Cultura e Deportes, Sr Marcos Trigo foi **“Non sabemos os cartos que ingresan. O Goberno Local está aberto a calqueira proposta que vaia en beneficio das entidades, que son as que seguramente máis traballen coa xuventude. O obxectivo é a súa autofinanciación”**.

Tamén o 5 de setembro, recibimos por parte do Presidente dun club de fútbol da provincia da Coruña unha circular do Bergantiños Fútbol Club co seguinte texto “ Buenas tardes,

Comunicamos que durante la temporada 2019-20 se cobrará entrada (3 €), en los partidos de categoría juvenil (LG), cadetes (DH), cadetes (LG) e infantiles (LG). Rogamos se difunda dentro de su estructura y a los acompañantes de cada equipo que nos visite.

Un saludo

Dep. Coordinación Bergantiños FC

Escolas de fútbol Luis Calvo Sanz.”

Por todo o anterior Terra Galega entende que dunha vez por todas o Grupo de Goberno ten que tomar cartas no asunto e xa que apostou por unha externalización do deporte ten que legalizar estas actuacións dos clubs e non pode permitir situacións onde unha persoa por ser de Berdillo, pague máis que un de Sofán por ir a un Campo Municipal coma é o das Eiroas, ou que se lle cobre 3 € a un pai/nai por ir ver o seu fillo xogar en infantiles de Liga Galega sen estar regulado por ordenanza...cando todas as inversións que se realizan nestas instalacións son con fondos propios, é dicir, vía impostos ou subvencións de outras administracións públicas, onde os clubs non poñen un só €.

Recollendo o guante do Concelleiro de Deportes, Terra Galega propón a concesión demanial directa ao Bergantiños CF dos dous campos de fútbol municipais das Eiroas e a entidade SD Sofán do campo de fútbol municipal do Carral pois entendemos que é a mellor maneira de darlle amparo legal a estas entidades e ademais sentaríanse as bases para dar un mellor servizo aos usuari@s e veciñ@s, desenrolando os seus programas de actividades

deportivas e sociais que melloran a calidade de vida d@s usuari@s e veciñ@s de Carballo e arredores.

Para o procedemento de adxudicación en concesión demanial directa basámonos no disposto no artigo 93 apartado 1 baixo a rúbrica "concesións demaniais" da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, (que a tenor do apartado 5 da disposición final segunda da mesma ten o carácter de lexislación básica, aplicable á Administración Local, conforme dispón o apartado 2 de dita lei) ao establecer que nas concesións sobre bens de dominio público podrá acordarse o otorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se den circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas.

O artigo 137.4 sinala

"Se podrá acordar la adjudicación directa en los siguientes supuestos:

c) Cuando el inmueble resulte necesario para el cumplimiento a una función de servicio público o a la realización de un interés general por persona distinta de las previstas en los párrafos a) y b)"

Como en toda concesión demanial tense que rexir por un prego de condicións técnicas, xurídicas e económico-administrativas particulares, entendemos que antes da elaboración do prego por parte da propietaria das instalacións, sería moi interesante unha reunión entre todas as partes para ter a maior información para redactar o mellor prego posible xa que o propio Concelleiro de Deportes recoñece que non saben o que ingresan os clubs por conceptos de entradas, publicidade, explotación cafetería...ademais de expoñer as necesidades, obxectivos das entidades de cara a un futuro próximo e que tamén deberían reflexarse nos contratos.

En virtude do anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega, solicita ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Incoar o procedemento de concesión demanial directa dos campos de fútbol municipais das Eiroas e o Carral aos clubs Bergantiños CF e o SD Sofán respectivamente que son os usuarios principais de ditas instalacións.



Carballo a, 11 de setembro de 2019

Asdo.: Don Andrés Eiris Barca

Voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega

requisitos e condiciones que se aplican a cada una de las modalidades de contratación de personal de carácter permanente.

El presente procedimiento de selección se realizará en un solo acto, en el que se valorará el mérito de los candidatos en función de los requisitos que se exigen para el desempeño de las funciones que se van a cubrir. El presente procedimiento de selección se realizará en un solo acto, en el que se valorará el mérito de los candidatos en función de los requisitos que se exigen para el desempeño de las funciones que se van a cubrir.

Artículo 4.º

1.ª Se podrá acceder a la adjudicación directa en los casos siguientes:

a) Cuando el importe total de la necesidad que se va a cubrir sea inferior a 100.000 euros.

b) Cuando se trate de la adquisición de bienes muebles de uso corriente.

Como en toda contratación de carácter permanente, el contrato de trabajo se celebrará a favor del candidato que haya obtenido el primer puesto de lista de clasificación de mérito. En caso de empate, se valorará el número de años de experiencia profesional que posea el candidato. En caso de empate, se valorará el número de años de experiencia profesional que posea el candidato.

En virtud de lo anteriormente expuesto, se convoca a los interesados a presentar su solicitud de participación en el presente procedimiento de selección.

El presente procedimiento de selección se realizará en un solo acto, en el que se valorará el mérito de los candidatos en función de los requisitos que se exigen para el desempeño de las funciones que se van a cubrir.



Carrión a 17 de septiembre de 2017

Abdo Don Andrés Jimenez

Presidente del Grupo Municipal de Izquierda